



Publicado o VIII convenio colectivo de centros de enseñanza de peiteado e estética, de ensinanzas musicais e de artes aplicadas e oficios artísticos

A CIG-ensino non subscribiu este VIII convenio por non dar resposta ás demandas salariais e laborais dos traballadores/as do sector e por carecer de negociación real e avances, unha vez máis, que recoñezan a profesionalidade do persoal traballador.

No **BOE do 18 de abril do 2024** publicouse este VIII convenio asinado por parte das patronais do sector **ACADE e CECE** e os sindicatos **CCOO, UGT e USO**, que desde **CIG-Ensino non subscribimos** xa que, non só non dá resposta ás demandas salariais, sociais e laborais dos traballadores/as do sector, senón que **careceu de negociación real e avances, unha vez máis, que recoñezan a profesionalidade, responsabilidade e formación do persoal traballador.**

Para a CIG-Ensino supón **prorrogar o VII convenio** (igual pasou co VI asinado en 2020) que tampouco asinou e denunciou por precario, pois estas son as únicas modificacións feitas no actual:

1.- Unha vixencia do mesmo até decembro de 2025. Rematara o anterior o 31/12/2021.

2.- Unha adaptación legal á normativa actual (modificacións Estatuto Traballadores/as, Lei de Igualdade, R.D Lei 5/2023... referidos a licenzas e permisos, así como a contratacións) regulada desde a sinatura do VII convenio (2020), que xa é de **obrigado cumprimento por Lei**, para que Inspección de Traballo autorice a publicación do novo convenio no BOE.

3.- Proposta salarial sen retroactividade, aumentando a perda de poder adquisitivo acumulado e sen garantir o futuro, ao carecer

de cláusula de revisión e garantía salarial pola desviación do IPC. A proposta asinada foi a seguinte:

Táboas salariais 2022 - “CONXELACIÓN SALARIAL”, só subas adaptación SMI (1000€).

Táboas salariais 2023 - Suba do 4%, adaptación SMI (1.080€) e aplicación dun diferencial salarial para as categorías de instructor/a, oficial de administración e oficial de 1ª, para superar o SMI.

Táboas salariais 2024 - Suba do 3,5% e adaptación SMI (1.134€).

Táboas salariais 2025 - Suba do 3,5% e adaptación ao SMI (?).

Hai que recordar que desde a sinatura do VI convenio (ano 2013) ate estas táboas a perda acumulada de poder adquisitivo foi do 7,1%. Agora o 2022 cerrou cun IPC do 5,7% e o 2023 do 3,1%, o que fai que esta perda acade un 4,8% máis, **chegando a depreciarse os salarios o 11,9%, nesta última década.**

Onde está a suba salarial para recuperar o poder adquisitivo perdido ou manter o futuro?

Seguimos acumulando perdas de poder adquisitivo, e o que é peor, en salarios dos máis precarios dentro do sector da enseñanza.

Máis información en:

<https://www.cig-ensino.gal/ensino-privado.html>



Táboas salariais convenio

Estas táboas están co

Sección A: Aplicables a centros de Ensinanzas Especializadas e Regradas de carácter profesional (Perruquería e Estética)			
2022 (0%)			
Categoría	Salario	Trienio	Sal
Grupo I. Persoal docente:			
Profesor/a titular	1244,35	35,60	
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1244,35	35,60	
Profesor/a Adxunto/a ou Auxiliar	1150,93	33,09	
Instrutor/a	1029,49	29,27	
Grupo II. Persoal administrativo:			
Xefe/a de Administración	1264,97	33,69	
Oficial de Administración	1025,89	28,45	
Auxiliar Administrativo	1000,00	28,45	
En formación	1000,00	28,45	
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:			
Conserxe	1067,19	28,45	
Oficial de 1. ^a	1018,32	28,45	
Porteiro/a	1000,00	28,45	
Celador/a	1000,00	28,45	
Persoal de limpeza	1000,00	28,45	
Persoal non cualificado	1000,00	28,45	
En formación	1000,00	28,45	

Sección B: Aplicable a centros de Ensinanzas Regradas Musicais e de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos			
2022			
Categoría	Salario	Trienio	Sa
Grupo I. Persoal docente:			
Profesor/a titular	1166,84	32,06	
Xefe/a de Taller ou Laboratorio	1166,84	32,06	
Profesor/a Adxunto/a ou Auxiliar	1057,74	29,27	
Mestres/as de Taller ou Laboratorio	1057,74	29,27	
Instrutor/a	1000,00	26,59	
Grupo II. Personal administrativo:			
Xefe/a de Administración	1264,97	33,69	
Oficial Administrativo	1005,77	28,45	
Auxiliar Administrativo	1000,00	28,45	
En formación	1000,00	28,45	
Grupo III. Persoal de Servizos Xerais:			
Conserxe	1067,19	28,45	
Oficial de 1. ^a	1000,00	28,45	
Portero/a	1000,00	28,45	
Celador/a	1000,00	28,45	
Persoal de limpeza	1000,00	28,45	
Persoal non cualificado	1000,00	28,45	
En formación	1000,00	28,45	

especializadas 2022 - 2025

infeccionadas para 14 pagas

2023 (4%)		2024 (3,5%)		2025 (3,5%)	
Salario	Trienio	Salario	Trienio	Salario	Trienio
1294,12	37,02	1339,42	38,32	1386,30	39,66
1294,12	37,02	1339,42	38,32	1386,30	39,66
1196,97	34,42	1238,87	35,62	1282,23	36,87
1120,00	30,44	1159,20	31,51	1199,77	32,61
1315,57	35,03	1361,61	36,26	1409,27	37,53
1115,00	29,59	1154,03	30,63	1194,42	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1109,88	29,59	1148,72	30,63	1188,93	31,70
1110,00	29,59	1148,85	30,63	1189,06	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70

2023		2024		2025	
Salario	Trienio	Salario	Trienio	Salario	Trienio
1213,52	33,35	1255,99	34,51	1299,95	35,72
1213,52	33,35	1255,99	34,51	1299,95	35,72
1100,05	30,44	1138,55	31,51	1178,40	32,61
1100,05	30,44	1138,55	31,51	1178,40	32,61
1080,00	27,65	SMI	28,62	SMI	29,62
1315,57	35,03	1361,61	36,26	1409,27	37,53
1115,00	29,59	1154,03	30,63	1194,42	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1109,88	29,59	1148,72	30,63	1188,93	31,70
1100,00	29,59	1138,50	30,63	1178,35	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70
1080,00	29,59	SMI	30,63	SMI	31,70

PROPOSTAS BÁSICAS DEFENDIDAS POLA CIG-ENSINO

En primeiro lugar, insistir no emprego dunha **linguaxe non sexista** en toda a redacción do texto, empregando termos neutros e ambos xéneros cando isto non sexa posible.

En segundo lugar, **adaptación do texto ao recollido na normativa laboral vixente** que entrou en vigor logo da negociación e/ou publicación do VII convenio en vigor.

1.- Introducir SUBROGACIÓN empresarial de todos os/as traballadores/as.

2.- Recuperación salarial e de poder adquisitivo: retroactividade co IPC para as **táboas 2022 e 2023**, aplicando unha **suba do 5% lineal cada ano segundo o salario medio estatal**, para así non seguir aumentando a fenda entre salarios máis altos e máis baixos (sobre 100€/ mes). **En 2024 subida lineal de 105€/mes para os salarios inferiores ao salario medio estatal anual (2.100€) é dicir, dun 5% lineal.** Neste ano 2024 aplicar **cláusula de garantía salarial pola desviación futura do IPC**, garantindo o mesmo se queda por riba e se non recuperando parte do IPC perdido. Igualar, por riba, os salarios das mesmas categorías nas 2 seccións, A e B, das táboas salariais, ao remate do convenio. **Aplicar o SMI a aqueles que estean por debaixo.**

3.- Redución da xornada laboral a 35 horas semanais dos grupos II e III. O persoal docente máximo 30h. lectivas e o resto non lectivas, para preparación de materiais e de clases, dentro das súas horas máximas semanais.

4.- Eliminación dos descontos en caso de incapacidade temporal por enfermidade común, profesional ou accidente laboral e non laboral durante todo o tempo da baixa.

5.- Plus de festividade (35% máis de salario). Plus de transporte (mínimo á parcialidade).

6.- Recoñecemento de enfermidades profesionais, propias e relacionadas co sector.

7.- Días de permiso por asuntos propios (para temas administrativos, titorías escolares,...).

8.- Permiso retribuído polo tempo necesario para asistir a consultas médicas o/a traballador/a, fillos/as menores de idade (acollidos/as) e familiares maiores ou dependentes.

9.- Reserva do posto de traballo durante o primeiro ano nas excedencias voluntarias, e durante toda a vixencia das mesmas naquelas por coidado de fillo/a ou por coidado de familiar ou persoa dependente a cargo que convivan co/a traballador/a. A duración máxima destas tres modalidades de excedencias será de cinco anos.

10.- Dereito á redución de xornada para maiores de 55 anos. Xubilación parcial.

11.- Melloras na conciliación familiar e laboral: maternidade, paternidade, lactancia, flexibilidade de xornada e redución de xornada por coidados a menores e maiores a cargo...

12.- Adaptación e mellora da clasificación profesional. (Profesor auxiliar a extinguir).

13.- Regular as horas extraordinarias (mínimo ao 150%).

14.- Medidas reais de igualdade: plans de igualdade.

CRONOLOXÍA DESTA “NEGOCIACIÓN” DO VIII CONVENIO

Denuncia do mesmo o 29 de setembro de 2022. Constituíuse a mesa negociadora o 28 de novembro de 2022. A primeira mesa negociadora foi o 17 de xaneiro de 2023, rematando coa sinatura do VIII convenio o 18 de xaneiro de 2024 na 12ª mesa negociadora sen apenas ningún avance. Isto amosa, ás claras: **falta de negociación, imposición patronal e entreguismo e pactismo dos sindicatos estatais**, o que contrasta co modelo reivindicativo, combativo e participativo da CIG-Ensino. Por todo isto, o camiño é un marco galego de negociación, e previamente a organización sindical nas escolas do sector coa CIG mediante a celebración de eleccións sindicais e reforzando a nosa posición negociadora.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal